

Don E.Iván Vázquez Rodríguez, concelleiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal a seguinte :

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A INCREMENTAR ACTUACIÓNS LOCAIS DE REVITALIZACIÓN DO RURAL.

Sempre que falamos de revitalizar o rural se indica que é necesario fortalecer a cohesión social, mellorar os servizos, xerar novas oportunidades económicas e mellorar a vida local. Dentro das actuacións posibles frecuentemente sae a relucir que é necesario facilitar o acceso a vivenda e reforzar os servizos públicos básicos.

Tódalas administracións dende as súas competencias exercen medidas para revertir o proceso de despoboamento do rural. Accións que en moitos casos poden chegar a solaparse a nivel competencial, pero dada a magnitude do problema, calquera intervención ou aportación, por pequena que sexa, constitúe una importante axuda. Hai que mencionar o bo cumprimento dos principios de funcionamento entre administracións que con lealdade e cooperación actúan de maneira exemplar en un problema complexo como é o despoboamento rural.

Dende o concello, dentro das súas posibilidades tamén se actúa de maneira importante con medidas que intentan mitigar/frear o despoboamento no rural, de feito este ano se puxo en funcionamento o bus rural. O grupo municipal do partido popular estima que dende o concello aínda temos marxe para poder facer algo máis.

Este grupo municipal considera que se poden implementar novas medidas que sin supoñer un elevado esforzo para as arcas municipais poden servir de revulsivo para manter a poboación do rural.

Por elo propoñemos que para os próximos presupostos se contemple as seguintes medidas:

- Elaborar unha axenda cultural itinerante que permita levar teatro, música ou mesmo cine ás parroquias.
- Adquirir unidades móbiles de desfibrilación para entregar aos responsables de festas e outros eventos que acontezan no rural. O concello pode mercar varios desfibriladores portátiles que poden solicitar as comisións de festas ou comisións de veciños cando realizan algún acto na súa parroquia. O custe de un desfibrilador portátil oscila entre 1.500 - 3.000 €. Con adquirir 6 estimamos que podería ser suficiente.
- Mellorar a dotación e a conservación e mantemento do equipamento das infraestructuras parroquiais: parques biosaludables, locais sociais,...
- Incrementar a frecuencia de desbrozes dos camiños rurais.
- Contemplar unha bonificación do 25% do IBI de urbana das vivendas ubicadas no rural.